

**ACTA N.º 2/2015**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 27 DE XANEIRO DE**  
**2015**

ASUNTOS

*I.- PARTE RESOLUTIVA*

**I.1.- ACTAS ANTERIORES**

**I.2.- PREMIOS NIGRÁN 2015**

**I.3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO (FEDER GALICIA 2007-2013); SEGUNDA ADDENDA**

**I.4.- PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO A CAMOS-NIGRÁN (PONTEVEDRA) -CLAVE: OH.236.1050- EN COLABORACIÓN CON AUGAS DE GALICIA: APROBACIÓN DO PROXECTO E ASUNCIÓN DE COMPROMISOS**

**I.5.- CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO**

**I.6.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE PUBLICACIÓN MODIFICACIÓNS CRÉDITO NA PÁXINA WEB DO CONCELLO**

**I.7.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS**

*II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO*

**II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

**II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Alberto García Pazos  
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorroto  
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández  
- D. Antonio Souto Martínez  
- D. José Antonio Vidal Meneses

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada  
- D. Rubén Rial Sánchez  
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández  
- D. Antonio Fernández Comesaña

- Non Adscrito:

- D. Ignacio Vilas González

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

#### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Martes, 27 de xaneiro de 2015
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria, ao adianterse a que correspondía celebrar o 29-1-2015.
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:02
- *Hora de remate:* 22:21
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16
- *Non asistente:* D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

#### **Incidencias:**

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se roduciron
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

### **I.- PARTE RESOLUTIVA**

#### **I.1.- ACTAS ANTERIORES**

*As actas que se someten á aprobación corresponden ás sesións de datas:* 18 de decembro de 2014 e 15 de xaneiro de 2015.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar ás actas das sesións sinaladas, distribuídas coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometidas á votación as actas das sesións do 18 de decembro de 2014 e 15 de xaneiro de 2015 quedan aprobadas cos votos a favor dos 16 membros da Corporación presentes.

#### **I.2.- PREMIOS NIGRÁN 2015**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de xaneiro de 2015, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da concellaría de Turismo, Cultura e Deportes para a cuarta edición dos Premios Nigrán 2015:

Como instruidora do expediente "Cuarta edición dos Premios Nigrán 2015", que terá lugar o venres 27 de marzo de 2015, formulo a seguinte proposta:

Visto o informe das propostas de candidaturas dos distintos centro culturais, veciñais e deportivos, así como dos distintos grupos políticos, a proposta da concellaría de Turismo, Cultura e Deportes do Concello de Nigrán é:

Premio Nigrán 2015 ao Mérito Social: Asociación Avelaiña  
Premio Nigrán 2015 ao Mérito Cultura: Coral Polifónica Novos Aires de Nigrán  
Premio Nigrán 2015 ao Mérito Educativo: C.E.I.P. Carlos Casares  
Premio Nigrán 2015 ao Mérito Empresarial: Ciclos Palacios  
Premio Nigrán 2015 ao Mérito Deportivo: E.D. Val Miñor Nigrán  
Premio Nigrán 2015 á Innovación: Cimalab

A xustificación da proposta é:

#### **Premio Nigrán 2015 ao Mérito Social: Asociación Avelaiña**

Avelaiña é unha organización sen ánimo de lucro e declarada de Utilidade Pública, composta de parentes e amigos de persoas con enfermidade mental, os cuidadores e todos aqueles sensibles a este problema de saúde, que é parte da Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES Galicia) e á Confederación Española de Agrupacións e persoas con Enfermidade mental (FEAFES).

A misión da Asociación Avelaiña consiste en reforzar a integración das persoas con enfermidade mental nas bisbarras do Baixo Miño e Valmiñor da provincia de Pontevedra, promovendo a mellora da calidade de vida e a da súa familia.

Entre os seus obxectivos destacan promover as intervencións na área da saúde mental non cubertos polas institucións existentes; informar, educar e sensibilizar sobre a enfermidade mental; ofrecer apoio e solidariedade entre as familias afectadas; incentivar as iniciativas propias e para facilitar a reintegración social das persoas afectadas; e fortalecer e impulsar a formación profesional para as persoas con enfermidade mental.

A asociación ofrece servizos de rehabilitación psicosocial, de orientación á comunidade, atención domiciliaria, orientación laboral e os programas de respiro familiar e escola de familias, así como asesoramento, xestión ou tramitación de solicitudes diversas aos usuarios. No ano 2013, deu servizo a 241 veciños de Nigrán.

#### **Premio Nigrán 2015 ao Mérito Cultural: Coral Polifónica Novos Aires de Nigrán.**

A Coral Polifónica Novos Aires de Nigrán nace no ano 1999, froito da fusión entre a Coral Polifónica de Nigrán, e o Coro Novos Aires, ambos cunha dilatada experiencia e historia.

Un colectivo que, desde as súas orixes, participou en multitude de concertos e diversos intercambios con corais doutros puntos de España e Portugal, destacando entre os seus méritos o Primeiro Premio de Composición de Panxoliña Inédita en varias convocatorias no Concurso de Panxoliñas de Caixanova.

A Coral Polifónica Novos Aires de Nigrán é tamén a organizadora do Festival de Habaneras e Boleros desde fai xa máis de dez anos, un evento que cultivou un gran éxito, tanto polo

público asistente como polo prestixio das formacións corais participantes.

O seu amplo abanico interpretativo comprende desde música sacra, folclore galego e español, até un variado repertorio de música do mundo de todos os tempos, que son interpretados por 45 voces mixtas, baixo a dirección de Xosé Alfredo Oliveira, autodidacta na faceta musical, e cuxo principal obxectivo é dotar a este coro de expresividade e sensibilidade interpretativas.

### **Premio Nigrán 2015 ao Mérito Educativo: C.E.I.P. Carlos Casares**

O C.E.I.P. Carlos Casares de Vilaríño, que este ano cumpre o seu 40 aniversario. Este centro escolar foi inaugurado en outubro de 1975, dando resposta ao incremento da natalidade, que xa empezaba a medrar nesa época,

Dende entón, moitos nenos e nenas de Nigrán medraron e aprenderon neste centro, e tamén moitos profesores traballaron arreo para formar persoas íntegras, máis preparadas cultural e socialmente, tal como a sociedade precisa, contando sempre cunha estreita colaboración de toda a comunidade educativa.

### **Premio Nigrán 2015 ao Mérito Deportivo: Escuelas Deportivas Val Miñor**

“Fútbol para todos”. Este é o lema das E.D. Val Miñor, unha entidade deportiva aberta a todos os mozos que desexen xogar ao fútbol, tanto con espírito recreativo ou amateur como con afán profesional.

Calidade educativa e de adestramento son os acenos de identidade deste club, que desde a súa fundación, no ano 1996, dirixe os seus esforzos a garantir unha formación deportiva de calidade, un aceno distintivo que se traslada ás súas instalacións deportivas, equipamento, recursos materiais e adestradores.

A procura dun modelo educativo que reforce valores como o respecto, a disciplina, a creatividade ou a solidariedade é unha calidade que distingue a este club, do que forman parte máis de 400 nenos e nenas de entre 3 e 18 anos.

O traballo en equipo e a participación son outros dos valores fundamentais deste club, que se resumen na seguinte frase:

“Se queres chegar rápido, vaiche só, pero se queres chegar lonxe, forma un bo equipo”.

### **Premio Nigrán 2015 ao Mérito Empresarial: Ciclos Palacios**

Ciclos Palacios nace como unha empresa dedicada ao mundo das dúas rodas fundada por Alfonso González, en 1947.

Hoxe, máis de medio século despois, o seu fillo “Fonsi” continúa co negocio familiar desde unha perspectiva respectuosa coa tradición aínda que renovadora. Por iso, o motor de Ciclos Palacios continúa sendo o mesmo, a venda e reparación de vehículos de dúas rodas para todos os públicos, bicicletas e motos nas súas distintas vertentes, cun trazo diferenciador, todo xira en torno ao cliente.

Ciclos Palacios caracterízase por ofrecer un trato familiar e próximo aos seus clientes, o mesmo que cando comezou a funcionar o negocio, fai xa case 70 anos.

### **Premio Nigrán 2015 á Innovación: CIMALab**

Desde decembro de 2012, o parque empresarial Porto do Molle alberga nas súas naves bioclimáticas o primeiro e único Laboratorio Oficial de Reformas de Vehículos de toda Galicia, CIMALab, un proxecto liderado polo investigador e vicerreitor de Transferencia de Investigación da Universidade de Vigo, José Antonio Vilán, tamén veciño de Nigrán.

Desde a súa fundación no ano 2006 no Centro de Enxeñaría Mecánica e Automoción da Universidade de Vigo, e desde fai xa máis de dous anos en Nigrán, CIMALab foi e é un excelente exemplo de investigación punteira aplicada á industria, unha envexa para calquera parque empresarial, e un orgullo para este municipio.

No laboratorio, cunha superficie de 1.200 metros cadrados, un grupo de 30 investigadores –sete doutores en enxeñaría industrial, dous doutores en física nuclear e 21 tecnólogos– estudan e realizan todo tipo de reformas, en turismos, furgóns, todoterreos, vehículos industriais, motocicletas, quads ou vehículos agrícolas.

Coas acreditacións que lle permiten emitir informes de reformas e elaborar ensaios na man, CIMALab busca agora ampliar o seu alcance e poder ofrecer asesoramento técnico, conformidades da produción e mesmo deseño de pezas e compoñentes.

Entre as súas actuacións atópase a transformación dun furgón en vehículo vivenda, adaptacións para persoas con mobilidade reducida, a instalación de carrozados e plataformas elevadoras en camións e labores de forrado de interiores para o isothermizado. Tamén se inclúe a instalación de estantes e mobiliario para vehículos-taller ou oficina.

En definitiva, CIMALab é un claro exemplo de como o coñecemento xerado na universidade non só pódese aproximar senón que, co empuxe necesario, chega a formar parte do mundo empresarial.

En consecuencia, proponse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**ÚNICO:** Conceder os "Premios Nigrán 2015" a :

Premio Nigrán 2015 ao Mérito Social: Asociación Avelaiña  
Premio Nigrán 2015 ao Mérito Cultura: Coral Polifónica Novos Aires de Nigrán  
Premio Nigrán 2015 ao Mérito Educativo: C.E.I.P. Carlos Casares  
Premio Nigrán 2015 ao Mérito Empresarial: Ciclos Palacios  
Premio Nigrán 2015 ao Mérito Deportivo: E.D. Val Miñor Nigrán  
Premio Nigrán 2015 á Innovación: Cimalab

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Dna. Liliana Silva Pequeño, Concelleira Delegada:* Refírese ao proceso seguido, ás invitacións

a diversos colectivos para que fixeran propostas, e ás que se recibiron. Dálle lectura á relación dos que se propoñen e sintetiza os respectivos méritos, que se recollen no ditame.

*D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista:* Todas as propostas son merecedoras dos premios. Felicita a todos aínda que este ano só se pode premiar a algúns. Confía en que os demais poidan recibir este recoñecemento no futuro.

*D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto:* Alégrase que o asunto saíse do debate político. Lembra que o ano pasado mantivéronse á marxe, porque pensaban que aquel non era o procedemento. Nesta ocasión fíxose mellor e por iso se se vai nesta liña volverán participar. Por outra parte, na paxina web segue aparecendo como se fose unha proposta do Goberno, pero aínda así alegrase dos outros cambios.

*D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto:* Coincide con Xavier en que foi bo que se abandonase a senda anterior. Quedan cuestións, como a de que se faga unha proposta pechada por parte do goberno e pide mais consenso. Por esa forma de actuar absterase.

*Sra. Silva Pequeño:* Mais transparencia non é posible. Todos foron propostos por algún colectivo. UCN tamén puido facer a súa proposta.

*Sr. Fernández Comesaña:* O que el non faga unha proposta non quere dicir que despois non se deba buscar o consenso de cara á Comisión Informativa.

*Sr. Alcalde Presidente:* Foi un proceso aberto e levouse unha proposta ao debate da comisión, que foi asumida por esta e tráese aquí ao pleno. A suma de nominacións foi o criterio determinante.

*Sr. Fernández Comesaña:* Un consenso na Xunta de Portavoces sería o desexable.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP, PSOE, Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO (FEDER GALICIA 2007-2013): SEGUNDA ADDENDA**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de xaneiro de 2015, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía.

Con data 28 de novembro de 2013 o Pleno do Concello aprobou o texto definitivo do Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do concello (FEDER Galicia 2007-2013).

O 23 de decembro de 2013 asinouse o citado Convenio.

Posteriormente, Augas de Galicia propuxo modificar o Convenio mediante unha Primeira Addenda ao mesmo, que foi aprobada polo Pleno do Concello o 29 de maio de 2014 e formalizada o 9 de xuño de 2014.

Neste momento faise necesario realizar un reaxuste de anualidades para adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras, circunstancia que afecta á cláusula terceira, no relativo ás obrigas das partes e ao réxime de financiamento.

Tendo en conta as circunstancias concorrentes, o texto proposto é o seguinte::

*SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO DE NIGRÁN, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013.*

*Santiago de Compostela,*

*Dunha parte, dona Ethel María Vázquez Mourelle, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobados polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.*

*Doutra parte, don Alberto Valverde Pérez, alcalde do Concello de Nigrán, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.*

## **EXPOÑEN**

*O 23.12.2013 asinouse Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do concello de Nigrán, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013.*

*O 09.06.2014 formalizouse a primeira addenda ao convenio co obxecto substituír unha actuación das que se tiña previsto levar a cabo por outra e de reaxustar as estipulacións económicas ao ritmo previsto de execución.*

*Así, tras a formalización da primeira addenda, as actuacións obxecto de este convenio son as que de seguido se relacionan:*

O concello de Nigrán executará os seguintes proxectos:

*“Proxecto de rede de saneamento e abastecemento en Camiño do Rincho e rede de saneamento de enlace camiño Piñeiro con rúa Dehesa”  
Saneamento en Camiño do Monte, Camiño Regueiro e outras ampliacións.*

Augas de Galicia levará a cabo as seguintes actuacións:

*Abastecemento en Parada.  
Saneamento nas rúas Lagoiña, Xestal e Palomar.*

*Tendo en conta que os citados proxectos, correspondentes ás actuacións obxecto do convenio, atópanse pendentes de aprobación, faise necesario un reaxuste de anualidades para adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras.*

*Por esta razón, acórdase modificar a cláusula terceira, no relativo as obrigas das partes e ao réxime de financiamento.*

*Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes,*

#### **A C O R D A N**

*Subscribir a presente addenda ao convenio de colaboración citado, modificando a cláusula terceira, nos seguintes termos:*

#### **TERCEIRA.-RÉXIME DE FINANCIAMENTO**

*O custo total das actuacións contempladas ascende a 1.000.000 € (UN MILLÓN DE EUROS), que serán financiadas de acordo co seguinte réxime:*

*Augas de Galicia financiará a totalidade das obras descritas no apartado A) da cláusula segunda do convenio, sendo o custo total de todas estas actuacións de 800.000,00€ (OITOCENTOS MIL EUROS), para o que existe crédito suficiente e axeitado na conta nº 230, “Investimentos xestionados para outros entes públicos” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:*

*Actuacións de saneamento:*

*2015: 220.000,00 €*

*Actuacións de abastecemento:*

*2015: 580.000,00 €*

*Estas actuacións encádranse dentro do eixe 3, temas prioritarios 45, actuación 2 (renovación, mellora, optimización e desenvolvemento de novas infraestruturas de abastecemento tales como presas pequenas, encoros, captacións, depósitos reguladores, estacións de tratamento de auga potable, redes de distribución e sistemas de automatización e control), e 46, actuación 3 (construción de novas redes de colectores –saneamento e pluviais-e emisarios), comprendidos*



*dentro do programa operativo FEDER Galicia (2007-2013), coa porcentaxe de cofinanciamento comunitario do 80%.*

*O Concello de Nigrán financiará a totalidade das obras que descritas no apartado B) da cláusula segunda do convenio, sendo o custe total de todas estas actuacións de 200.000,00€ (DOUSCENTOS MIL EUROS), para o que o **Concello asume o compromiso de dotar crédito suficiente e axeitado na aplicación orzamentaria correspondente coa seguinte distribución de anualidades:***

*2015: 200.000,00 €*

*E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes a presente addenda, no lugar e data do encabezado.*

*A presidenta de Augas de Galicia  
Ethel María Vázquez Mourelle*

*O alcalde do concello de Nigrán  
Alberto Valverde Pérez*

---

Tendo en conta a normativa de aplicación, propónse ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar o texto da Segunda Addenda ao *Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do concello de Nigrán, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, asumindo os compromisos municipais que contén.*

**Segundo.-** Facultar ao Alcalde para subscribir a Addenda en representación do Concello de Nigrán e para realizar as demais actuacións necesarias para a execución do acordado.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Reaxústanse as anualidades de cara ao exercicio 2015. Fai referencia ás obras beneficiadas por esta actuación.

*D. Juan Antonio González. Pérez; do grupo Socialista:* Dálle a benvinda a esta iniciativa, que xa foi debatida diversas veces no Pleno. Desexa que finalmente se remate o proceso.

*D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto:* Con ocasión da primeira addenda dixo que se empeoraba o convenio. Espera que finalmente se leve a cabo.

*D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto:* A finalidade é trasladar as actuacións ao ano 2015. Estase dilatando o proceso. Aínda así apoiarano.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O prazo debe rematar dentro deste ano polo financiamento FEDER.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP, PSOE, Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión Informativa, sinalando que, para facerlle fronte ao seu compromiso de financiamento, cifrado en 200.000 euros, o Concello xa dispón de crédito suficiente e axeitado nas aplicacións 16160900 e 16160903 do orzamento municipal para 2015.

#### **I.4.- PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO A CAMOS-NIGRÁN (PONTEVEDRA) -CLAVE: OH.236.1050- EN COLABORACIÓN CON AUGAS DE GALICIA: APROBACIÓN DO PROXECTO E ASUNCIÓN DE COMPROMISOS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de xaneiro de 2015, acordou dictaminar favorablemente a correspondente proposta da Alcaldía.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* É un proceso complexo que xa leva tempo en marcha, e que incluíu unha información pública. Conta cos informes favorables de diversos organismos. Trátase dun servizo de competencia local, para o que se recibe financiamento íntegro da Xunta. Espérase que se poida rematar este ano. Deberá corrixirse a proposta, que fala de levantar os reparos da Intervención; reparos que neste caso non hai.

*D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista:* O partido Socialista apoia a iniciativa para que Camos poida dispor deste servizo.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* O Interventor aínda que non faga reparos suspensivos, si fai referencia a aspectos dúbidosos. No seu día indicaba a falta de informes xurídico ou técnico. A actualización de tarifas que impón a Xunta parece un pouco retorcida. Pensa que este compromiso podería suprimirse.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Ese é un requisito estándar. O Interventor confírmalle que o que fai son consideracións, non reparos. Houbo informes posteriores e outra documentación. A Xunta de Galicia o que fai é sufragarnos unha obra da competencia municipal.

*Sr. Fernández Comesaña:* É certo que noutros convenios con Augas tamén figuraba o punto das tarifas, pero poñelo pode ter consecuencias. A tubería non é da rede secundaria, que é a que chega ás casas. Con todo, está a favor da iniciativa.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello aproba a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, previa eliminación do apartado primeiro da mesma referido á resolución dos reparos da Intervención, quedando redactado o acordo nos seguintes termos:

Segundo a comunicación recibida do organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, que tivo entrada o 8 de setembro de 2014 (nº11743), no Plano Hidrolóxico de Galicia, e no período de planificación nel previsto, inclúense actuacións a realizar neste Concello correspondentes ás obras de ampliación da rede de abastecemento en Camos, Nigrán -clave nº OH.236.1050- cun orzamento de execución por contrata de **828.831,17 € IVE incluído**, tal e como resulta da actualización do orzamento motivado polo incremento do IVE dado que o proxecto inicial é de data 31 de xullo de 2012 cun IVE do 18%.

De conformidade co interesado na referida comunicación, e vista a documentación que a acompaña, así como os seus antecedentes, entre os que figura:

- documento denominado Ampliación da Rede de Abastecemento en Camos (Nigrán)
- autorización de Augas de Galicia de data 20/09/2013,
- informe emitido polo arquitecto municipal o 23/10/2014,
- informe do Servizo Provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de data 03/12/2014,
- informe sobre adecuación ao plan de ordenación do litoral de Galicia de usos cualificados como compatibles de data 17/12/2014,
- autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 30/12/2014,
- informes da enxeñeira municipal de datas 15 e 16 de xaneiro de 2015

Tendo en conta que mediante resolución do 10 de novembro de 2014 o organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia deu resposta á petición municipal de colaboración técnica e financeira en materia de infraestructuras hidráulicas para a execución da obra de referencia, acordando financiar o 100% do orzamento da actuación de referencia.

De conformidade co previsto no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestructuras hidráulicas, realizouse o trámite de información pública do proxecto durante 30 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 28/11/2014 e no taboleiro municipal, sen que conste a presentación de alegacións.

Tendo en conta as demais previsións da citada normativa, o Pleno **ACORDA:**

1. Aprobar inicialmente o "*Proxecto de ampliación da rede de abastecemento en Camos, Nigrán (Pontevedra), de clave: OH:236.1050*".

2. Adquirir o compromiso de facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resulten esixíbeis con motivo das obras.

3. Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.

4. Comprometerse ao establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.

5. Ratificar a solicitude efectuada pola Alcalde de solicitude de financiamento do 100% do custo das obras.

6. Comprometerse a poñer á disposición da Administración hidráulica de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.

Dado que as obras discorren por terreos de titularidade autonómica (marxe da estrada PO-332) considérase acreditado que para a normal execución da obra pública *Proxecto de ampliación da rede de abastecemento en Camos, Nigrán (Pontevedra) -clave: OH:236.1050-* este Concello ten a efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa realización e os pon á plena disposición, libres de cargas e gravames, da Administración Hidráulica de Galicia coa dita finalidade, en base ao informe favorable emitido polo Servizo Provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de data 03/12/2014, sen prexuízo de obter adicionalmente a autorización á que se refire o propio informe.

7. Facultar á Alcaldía para realizar as actuacións necesarias para a execución do presente acordo.

#### **I.5.- CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de xaneiro de 2015, ditaminou favorablemente a correspondente proposta da Alcaldía.

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* A proposta é subscribir o convenio correspondente, que considera beneficioso para Nigrán. A non integración de Vigo prexudica o proceso ata que se faga efectiva. Os demais concellos mostraron a súa disposición a favorecer o proceso. No caso de Nigrán, a repercusión no recibo é moi significativa. O grupo popular vaino apoiar. No futuro haberá que negociar melloras. Refírese ás contas para 2015, e sucesivos ata 2019 e recorda que os demais concellos tamén se van pronunciar nesta data.

*D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista:* Os concellos non son os que deben

sufragar esta iniciativa. Non lle corresponde a Nigrán resolver o problema, subvencionando á Xunta nunhas contías que nin sequera son fixas. É certo que os usuarios pagarán menos polo billete, o que suporá mais impostos para financiar isto. Os asesores dos concellos afectados non emitiron informes favorables. Ademais, non hai melloras nas liñas, nin nas frecuencias. Isto parécelle un pouco electoralista. Non é bo para Nigrán. O PSOE sen estar en contra das melloras pensa que esta non debe facerse así. Estase perdendo unha oportunidade.

*D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto:* A proposta non ten motivación, a pesar de supoñer gastos para o Concello. A xustificación da achega municipal está relacionada co número de usuarios, e chama a atención que Nigrán sexa dos que mais aporte. Non hai ningún plan, só unha subvención ao billete. Non se toca a organización, nin a eficiencia do servizo, nin outros aspectos. Tampouco quere cingirse aos estritos marcos competenciais, porque ás veces a colaboración pode ser un instrumento de racionalización. Neste caso, a competencia é da Xunta, pero son os concellos os que asumen cargas importantes. Insiste en que o fundamental é que isto non é un plan de transporte metropolitano; plan que o BNG si apoiaría, para facer unha reordenación global do transporte.

*D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto:* Parece que agora somos nós os que estamos subvencionando á Xunta. Pode haber motivos electorais nesta precipitada iniciativa, que non se ampara, como se dixo, nunha planificación axeitada. Non é esta fórmula. Aquí si hai reparos da Intervención, que coincide cos feitos por outros técnicos da área metropolitana. Incumpre diversas normas, desde a de estabilidade orzamentaria ata a de racionalización da administración local. Ademais, nin sequera Vigo se suma a iniciativa. A Xunta debería reconsiderar a súa proposta dadas as observacións técnicas que están sobre a mesa. Por enriba hai que ingresar os cartos por anticipado, e comprometer o fondo de cooperación para garantir as achegas municipais. A través de chamadas á colaboración estamos financiando competencias da Xunta. Tampouco se fala nada de intercambiadores. Lamenta non poder apoiar a iniciativa. Nestas circunstancias votará en contra.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Foron os 13 concellos afectados os que aceptaron esta fórmula. E non todos son do Partido Popular. Con Vigo non se pode contar neste momento. Este é o primeiro paso para un futuro transporte verdadeiramente metropolitano. Admite a necesidade de seguir dando pasos para mellorar o servizo. Non necesariamente haberá que subir os impostos. Tamén hai saídas legais para asinar convenios coma este. O propio convenio contén as razóns que o motivan. Pídelle ao grupo do PSOE que teña unha postura propia. Pensa que o interese dos veciños o xustifica.

*Sr. González Pérez:* É unha competencia autonómica clara. Se non se soben os impostos haberá que recortar servizos. Insiste na opinión técnica unánime de que lle corresponde á Xunta. O debate de Vigo é alleo. A Xunta debe asumir as súas responsabilidades.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O candidato do PSOE de Nigrán promete investir en educación, emprego e servizos sociais, que non son competencias municipais.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Non se aborda ningunha planificación. Non debería recaer unicamente sobre os recursos públicos a mellora do servizo. No caso de Chandebrito o servizo debería axeitarse ás necesidades, e acudir a fórmulas de coordinación con VITRASA. Do mesmo xeito, o transporte interno no Val Miñor sería susceptible de melloras. Aínda así non

obstaculizarán medidas de mellora, que deben ir mais alá desta iniciativa.

*Sr. Fernández Comesaña:* Lamenta que este non sexa un verdadeiro convenio de transporte metropolitano. Pregunta cando hai que facerlle caso aos informes técnicos e indica que neste caso hai reparos graves da Intervención. Ademais, Vigo ven supoñendo un obstáculo importante pra resolver o problema e, por outra parte, non existe unha contía exacta das achegas comprometidas.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sobre a legalidade, hai opinións diversas. Confía en que se consolide un verdadeiro transporte metropolitano.

Sometido o asunto a unha primeira votación, o *Sr. Interventor* indica que as porcentaxes para o gasto plurianual superan as marcadas no art. 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. É facultade do Pleno variar esas porcentaxes e anos. Aquí deberían establecerse unhas contías fixas para ese gasto plurianual.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Nese caso, marcaranse como máximas as cantidades que aparecen no convenio.

*Sr. Interventor:* Iso é o lóxico, pero entra en contradición co establecido no propio Convenio.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Abstencións: 6; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello adopta o seguinte ACORDO:

A Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, mediante escrito de 29 de decembro de 2014, con entrada o 5 de xaneiro de 2015 (nº 48) remite para coñecemento e revisión municipal un borrador de convenio de colaboración para a implantación dun plan de transporte metropolitano na área de transporte metropolitano de Vigo, xunto cun documento explicativo da achega estimada para os Concellos en concepto da súa participación no denominado Plan de transporte metropolitano, que, no caso de Nigrán, se cifra en 45.018 euros correspondentes aos 9 meses do ano 2015 nos que se prevé que estea en funcionamento.

Consta a opinión da Secretaría Xeral do Concello emitida con data 19 de xaneiro de 2014.

Con data do 16 de xaneiro de 2015 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas remitiu o proxecto do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo. Xunto coa remisión do devandito proxecto achegou un informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia relativo á viabilidade xurídica desta nova liña de colaboración e á participación da propia Xunta de Galicia e dos concellos na súa consecución

A cuestión tamén se somete á consideración da Intervención municipal.

Á vista do anterior, e tendo en conta os antecedentes dos que se dispón, o Pleno que  
**ACORDA:**

**Primeiro.-** Resolver (ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, no seu informe do día 26-01-2015, rfa. T 9/15; e continuar coa tramitación do expediente administrativo.

**Segundo.-** Aprobar a adhesión do concello ao Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo e anexo técnico, pero fixando, a efectos do previsto no art. 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, como contías máximas das sucesivas achegas anuais do Concello de Nigrán as que expresamente figuran no referido Convenio (táboa 5 do anexo técnico).

**Terceiro.-** Autorizar ao alcalde para a sinatura do convenio en nome e representación do Concello así como para a realización das actuacións necesarias para o seu desenvolvemento.

**Cuarto.-** Remitir unha certificación deste acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

## **I.6.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE PUBLICACIÓN MODIFICACIÓNS CRÉDITO NA PÁXINA WEB DO CONCELLO**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de xaneiro de 2015, acordou dictaminar favorablemente a seguinte Moción do PSOE:

O Grupo Municipal Socialista no concello de Nigrán en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS

Facéndose eco da alegación presentada aos orzamentos 2015 por D. José Cuevas Raposo en representación de E. U., considerando que trátase dunha proposta que debería ser debatida máis como moción que como alegación ao orzamento e tendo en conta que trátase dunha proposta que redundaría na transparencia e facilidade de achegar a administración local aos cidadáns ACORDA:

1. As modificacións orzamentarias serán cumprimentadas obrigatoriamente coa súa publicación na web do concello de Nigrán. Aquelas modificacións que requiran exposición pública estarán publicadas na web de xeito simultáneo no mesmo período de tempo que estea exposto ao público.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista:* Agradece a iniciativa de Esquerda Unida, da que trae causa esta moción.

*D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto:* Favorece a transparencia.

*D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto:* Estase adiantando o previsto na Lei de transparencia.

*D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado:* Espera que os propoñentes teñan o consentimento de Esquerda Unida. Isto é mais un rogo que unha moción. Ningún problema no fondo, e xa se cursaron instrucións á Intervención. Incluso para publicar as xa feitas.

*Sr. González Pérez:* Agradece a postura de apoio do Goberno.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.7.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de xaneiro de 2015, acordou dictaminar favorablemente a seguinte Moción do PSOE:

O Grupo Municipal Socialista no concello de Nigrán en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS

Facéndose eco da alegación presentada aos orzamentos 2015 por D. José Cuevas Raposo en representación de E.U., considerando que trátase dunha proposta que debería ser debatida roáis como moción que como alegación ao orzamento e tendo en conta que trátase dunha proposta que redundaría na transparencia e facilidade de achegar a administración local aos cidadáns ACORDA:

1. As subvencións que se outorguen na execución dos orzamentos convocaranse sempre por concorrencia competitiva.
2. As bases que rexerán as correspondentes convocatorias deberán ser aprobadas polo pleno da corporación.
3. En ningún caso poderanse dar subvencións para o fomento de emprego a quen no último ano dende a publicación da convocatoria das subvencións teña despedido improcedentemente a un traballador/a.



**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista:* Fanse eco novamente dunha proposta de Esquerda Unida.

*D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto:* Parécelle razoable, e vai na liña da transparencia. Agradece a iniciativa de Esquerda Unida.

*D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado:* Hai unha ordenanza municipal e unha Lei galega que regulan esta materia. Estase estudando a adaptación desta ordenanza. Traeranse ao Pleno estas subvencións. Non se contemplan no orzamento subvencións para fomento de emprego. O punto terceiro da moción habería que analízalo xuridicamente. Por iso, absteranse.

*Sr. Fernández Comesaña; do grupo Mixto:* Na súa época no goberno aprobouse aquela ordenanza, que agora haberá que actualizar.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 9; PP e Concelleiro non adscrito.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

**II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de decembro de 2014 e o 30 de decembro de 2014, ambos incluídos.

---

**II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

**1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:**

1.1 Antes de nada, todos os alcaldes do Partido Popular acordaron facer o pleno hoxe as oito da tarde...(Sr. Alcalde-Presidente: todos non, a maioría). A maioría dos Alcaldes do partido popular acordaron facer o pleno as oito da tarde. É certo que a competencia de convocar o pleno lle corresponde o Alcalde, pero eu creo que en casos como este que se vai a cambiar un pleno a nós nos gustaría que se falara cos portavoces dos grupos para preguntar as dificultades que teñen ou non para asistir. Hoxe está unha concelleira menos, porque os

plenos son os xoves as oito da noite, e ela traballa, e no día de hoxe non pode estar aquí. Xa sabemos que a competencia é do Alcalde, pero tamén temos aprobada unha normativa xeral, na que di que os plenos son o último xoves de cada mes, ás oito da tarde. Simplemente pediría que a próxima vez, que polo menos nos chamen por teléfono. E nos digan que van a adiantar o pleno ao martes. Xa non digo convocarnos, porque neste caso hoxe somos un concelleiro menos; e simplemente por non falar coa oposición ou non consensualo. Penso que é un erro, ao que xa estamos tamén bastante acostumados.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se comentou na comisión informativa, e si que se dixo que sería bo que se comentase, que xa pedimos desculpas e aquí o pido por non telo feito, pero tampouco se nos dixo que había algún membro menos no seu grupo. Non sei se por que non o coñecían, pero en principio tampouco se nos manifestou.

1.2.- Una pregunta unida a un rogo. No ano 2011 gobernaba o partido socialista só. Se fixo unha obra de un asfaltado dun camiño, o do lavadoiro que está en Sancho, e a un veciño de alí quedoulle unha vivenda cun problema de entrada de auga. É certo que a obra se fixo na nosa época, pero a min me gustaría saber se vostedes teñen pensado intentar axudar ou solucionar ese problema herdado, que realmente esta causando un problema a este veciño. E un rogo que teñan a ben recompoñer esa situación que, de feito, non quedou tal como debería ter quedado.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estase a mirar. Hai un montón de problemas de pluviais. Xa non falo de quen fixo as obras e de quen non as fixo. Hai un montón de estradas e de camiños e de veciños aos que lles entra auga nas súas casas, e estamos analizando varios problemas e esperamos poder resolverlle o problema ao veciño.

1.3. Pregunta se está pendente de traer unha ordenanza polo tema do taxímetro, e dos taxis.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai dúas ordenanzas relacionadas cos taxistas. Unha que é a dos prezos, en fase de tramitación, pendente de informe da Xunta, previo a que veña ao pleno para aprobación definitiva. E a ordenanza de taxis, que se aprobou aquí no pleno, e que está en tramite de exposición pública e aínda non rematou o prazo.

## 2.- D. Manuel Doldán Costas; do grupo Socialista:

2.1.- Rogo. Hai varios postes, que están deteriorados en diferentes zonas. Na Rúa do Mariñeiro hai un moi deteriorado que se vai vir enriba da estrada. Outro no Camiño da Condiña. Outras dúas columnas no cruce de Gaifar coa Rúa do Mariñeiro, que é un vial pavimentado con dobre sentido, na saída ao lado dunha marquesiña, que non deixan visibilidade. A ver se se poden retirar,. Retírouse unha que había en Sancho, en outras na PO-325. E rogaría si se poden retirar esas.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Depende moito de quen sexan. Se son de telefónica a xestión pode ser mais áxil, pero con Fenosa é mais complicado.

2.2. Os semáforos que se instaloron na PO-552 coa Rúa Alcalde Manuel Alonso, dan

lugar a confusión. E no que hai na estrada fronte á Pintora ocorre igual. Creo queeren unha mellor sinalización.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Revisaremos esta cuestión. Penso que os do cruce de Mallón están ben sinalizados, porque á parte das sinais están os semáforos de aviso previo, pero son novos e haberá que ver o que se poden mellorar. E os do cruce da PO-552 con a rúa Alcalde Manuel Alonso, hai varias cousas que temos que avaliar. Incluso a situación do semáforo. Creo que debe estar á altura do paso peonil. Porque incluso resolvería o problema do paso peonil. Creo que hai que corrixir a pintura da liña de parada cando se quere xirar cara abaixo. Hai certas cousas que hai que corrixir. Un dos temas é o da iluminación pola noite nesta rúa, mais alá dos semáforos e das sinais. Pero tomaremos nota e dirémoslle á policía que faga un informe.

2.3. ¿Vaise levar para adiante o proxecto tal como está aquí fronte ao Concello? ¿A peonalización vai a ser tal como esta no proxecto? Hai reivindicacións e peticións dos comerciantes, ¿algunha se lle vai a ter en conta, ou vaise a executar tal cal viña o proxecto?

*Sr. Alcalde-Presidente:* ¿Reivindicacións en que sentido? Hai hoxe unha reivindicación da federación de empresarios, de poñer a zona azul, pero non sei se se refire a iso.

*Sr. Doldán Costas:* Non, no tema do parque infantil.

*Sr. Alcalde Presidente:* Iso é unha situación moi particular. O propietario da cafetería do Alba, indica que quere un metro mais para poder manter esa pérgola que tiña. A pérgola ao mellor hai que cambiala, igual hai que darlle un retoque a iso e hai que poñelo doutra maneira. Ao mellor a pérgola ten que modernizarse ou darlle un cambio de imaxe. Creo que non hai ningún inconveniente neste sentido. Vai a ter espazo suficiente. Vai a ter a terraza. O problema é que non se pode desprazar o parque infantil, porque se o desprazamos cara ao auditorio, hai unhas tapas de telefónica que non podemos ter debaixo do parque infantil. Creo que este problema non pode condicionar a evolución da obra.

*Sr. Doldán Costas:* Unha alternativa, a comunidade do Humberto Juanes estaba pedindo que o parque se puidera levar a cabo ali mesmo. ¿Non se pode facer ali, a anular este? ¿Non se pode facer unha reforma?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu lle dixen ao do Alba que el vai ser o mais beneficiado por ter diante da súa cafetería o parque infantil. Estamos falando de 10 centímetros. Igual non podes ter a pérgola, pero hai outras alternativas, sombrillas ou outro tipo de instalacións que se poidan mover e que pode quedar incluso mais bonito. A alternativa de desprazalo é inviable polo que xa dixen antes. E o parque no Humberto Juanes, incluso o colexio pon problemas por telo aberto polas tardes. Eu creo que o entorno natural é este. De feito aínda vamos colaborar co Colexio, porque se van comprar uns columpios, e vamos a intentar poñerlle o caucho no solo.

*Sr. Doldán Costas:* A pregunta que lle estou facendo ao Alcalde é se se pode evitar; e se se pode estar de acordo con pequenos empresarios que teñen o seu negocio ahi.

Sr. Alcalde-Presidente: Eu penso que precisamente á cafetería se lle vai beneficiar moito. O que non se pode é ter un plantexamento de ou me deixas esa pérgola ou voume para Gondomar. Con todos os respectos estamos falando de 80 centímetros de diferenza.

**3.- D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto:**

3.1.- Xa en outubro ou novembro, cos votos a favor do PP e do concelleiro non adscrito, e coa abstención do PSOE se aprobou a cesión do contrato de redacción do PXOM a Eptisa. Un dos argumentos principais era a axilidade na continuación do documento. Dous meses ou mais despois de esa aprobación o que quixera coñecer son os pasos dados, e a situación dese contrato e desa redacción.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A última noticia que teño, que é de onte, é que se esta a buscar o día e a hora para a firma da cesión. As dúas empresas, neste caso a UTE e a empresa EPTISA. Tivemos polo medio o Nadal. A UTE para esta cousas non dá facilidades, ou non é o áxil que se desexaría, pero a idea é que a semana que ven seguramente xa firmen esa cesión na notaría e xa entregue os avais a nova empresa e se poia resolver e empezar novamente co tema do Plan Xeral.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Ou sexa que a vindeira semana se firmaría a cesión.

3.2.- A segunda cuestión é a respecto dunha iniciativa que tiveramos no BNG, no que, xa que estamos en plan de recoñecemento de iniciativas, nós tamén recollíamos unha crítica que fixera Esquerda Unida anteriormente; unha iniciativa que, insisto, lle deu forma o BNG, a través de unha solicitude para que se tratase en comisión: o cumprimento do plan de investimentos ao que viña obrigado CESP. Tivo un percorrido, incluído un informe por parte da Enxeñeira, no que basicamente se dicía que, loxicamente e con moito sentido común, para comprobar o cumprimento de ese plan de investimentos, CESP debería presentar as facturas albarás ect. Fixemos un rogo para que se fixese un requirimento. Porque se non hai requirimento, por propia iniciativa CESP non o vai a facer. Eu, despois de ter feito ese rogo, agora quixera preguntarlle se fixo algún tipo de requirimento ou algún tipo de comunicación a CESP para que presente esas facturas.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu lle din traslado do informe da Enxeñeira. De todos os xeitos eu teño mañá ás 12:30 reunión con CESP, no que abordarei, entre outras cousas, esta cuestión, porque evidentemente hai que resolvela.

3.3. Entón, fareille un rogo despois de facerlle a pregunta, por favor faga un requirimento. Non pregunte ou non dea traslado a un informe. Porque está claro que se non hai requirimento, eles por propia vontade non van facelo.

**4.- D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto:**

4.1. No último pleno eu lle fixen dous rogos. Concretamente, na praia da Madorra, a colocación dun banco na parada do autobús, que cando houbo aquel problema no paseo desapareceu, e tamén a colocación, en fronte, da sinal. Está o poste e aínda non se colocou

a sinal de peóns.

4.2. Outro rogo novo no camiño do lavadoiro en Priegue. Que se asfalte, porque nalgúns momentos xa se fixo algún bacheo con zahorra, porque é un camiño en pendente, pero a chuvia o devolve ao seu estado anterior.

4.3. Con respecto a unha reixiña, no camiño do Rial esquina co camiño da Devesa, hai mais dun ano que levo insistindo neste tema e incluso o concelleiro dixo que xa estaba feita e que estaba no almacén.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Resulta que esa reixiña se utilizou noutro lado.

4.4. Con respecto á poda de árbores, parece ser que se vai facendo con moita lentitude. Non sei se a razón é porque se cambiou a empresa de xardíns e agora é outra empresa a que leva o tema.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non, a empresa é a mesma.

*Sr. Fernández Comesaña:* Crin que era Geseco a que estaba. Hai algunhas árbores por ahí, en Praia América, que aínda están sen podar. Pregunto se hai algún problema en concreto para que non se poden, porque aí atrás miraba na prensa que os veciños tiveron que podar. ¿Cando pensan rematar entón?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Teñen un prazo, que está no Prego, para a poda de árbores, non sei cando termina, pero debe estar a punto de rematar porque quedan poucos.

4.5.- Aprobouse un convenio coa Xefatura Provincial de Tráfico, para facilitar os trámites burocráticos aos veciños de Nigrán, para que poidan facer actuacións aquí no Concello. Me gustaría saber que actuacións se fixeron ata a data. Se houbo moitas ou poucas, ou se tivo repercusión. Quería saber que grao de implantación puido ter, para saber se os veciños acoden ou se realmente falta algo; se hai que dar mais información.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Miraremos e trasladarémolle os datos.

4.6.- O mesmo pasa co Portelo Único, que efectivamente se puxo en marcha e non sabemos se está tendo resposta polos cidadáns. Se o están usando ou non, e siese fixo algún bando informativo para que a xente tivese coñecemento.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O importante é que se pode usar, que está en funcionamento, con normalidade, e que Nigrán despois de moito tempo ten o Portelo único.

*Sr. Fernández Comesaña:* Eu aplaudín no seu día a iniciativa. O que sucede é que non se poden aprobar cousas e quedarse aí, e que por falta de información non se use. Hai que facer bandos para que determinados colectivos veciñais poidan ter información.

4.7.- Tamén se fixo a adxudicación para o servizo de axuda no fogar. Parece ser que neste caso si que houbo cambio na empresa que presta o servizo, que mellorou o prezo que estaba cobrando a anterior. Quería saber se o persoal que estaba participando antes segue

sendo o mesmo o si houbo algún cambio.

*Sr. Alcalde- Presidente:* Si, sigue sendo o mesmo.

4.8.- Hai unhas sentenzas onde condenan en costas ao Concello, unha a pagar 250 euros e outra 600. Me gustaría saber a que se refiren estas sentenzas. Son do Xulgado Contencioso-Administrativo, número de procedemento abreviado 312/14 e 114/14. Gustaríame que se me facilitara en todo caso copia das sentenzas.

4.9.- Recentemente se anunciou en prensa a reparación das beirarrúas nas rúas Rosalía de Castro e Avenida do Val Miñor. Quería saber se efectivamente xa están adxudicadas estas obras ou se están aínda en fase de licitación.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si, está adxudicado á empresa COVSA.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.